

# NORMATIVA REGULADORA DO USO DE SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

## Exposición de motivos

A captación de imaxes con fins de vixilancia para garantir a seguridade dos bens e das persoas, é unha práctica moi estendida na nosa sociedade. O recurso a estes medios técnicos de vixilancia resulta, na actualidade, de grande utilidade, cando menos polo seu efecto disuasorio, pero tamén é certo que repercute sobre os dereitos das persoas, o que obriga a regular e fixar garantías para a súa correcta utilización.

No que respecta á Universidade de Vigo, a extensión dos seus campus e centros, así como o grande número de edificios e instalacións a protexer aconsellan dotarse de sistemas de seguridade baseados en tecnoloxías da información e da comunicación.. Compre, polo tanto, dotar as instalacións da Universidade de Vigo de cámaras de videovixilancia para a seguridade das persoas e bens, adecuando esa videovixilancia ás esixencias de todos os dereitos en xogo (imaxe, intimidade, honor, inviolabilidade do domicilio e protección de datos de carácter persoal), respectando, en todo caso, os principios de proporcionalidade (instalación de cámaras só en aqueles lugares que resulten adecuados) e de intervención mínima (instalación previa ponderación entre os fins perseguidos e a limitación dos dereitos fundamentais dos cidadáns).

A diferenza da videovixilancia desenvolvida polas Forzas e Corpos de Seguridade que conta coa lexislación específica que a regula, a única regulación que existe no ámbito privado, a Ley 23/1992 de 30 de xullo, de Seguridade Privada non contén indicacións precisas en materia de protección de datos. E é evidente, e así o subliña en diferentes sentenzas o Tribunal Constitucional, que a videovixilancia é un medio particularmente invasor e por iso resulta precisa, tanto a concorrencia de condicións que lexitimen os tratamentos, como a definición dos principios e garantías que deben aplicarse.

A videovixilancia permite a captación e, no seu caso, a gravación de información persoal en forma de imaxes. Así, cando o uso afecta a persoas identificadas ou identificables, esta información constitúe un dato de carácter persoal aos efectos da Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en adiante, LOPD). Pero a aplicación de LOPD a estes sistemas suscita certo grao de dificultade en todos os ámbitos. Por unha banda, o responsable das instalacións debe ser capaz de identificar se o uso que fai das videocámaras está suxeito á Ley. Por outra, resulta complexo informar ao titular dos datos dos dereitos que lle asisten como tal e ademais facelo de maneira comprensible e eficaz. Por todo iso, e coa finalidade de adecuar estes sistemas de videovixilancia á LOPD, ditouse a Instrución 1/2006, de 8 de novembro, da *Agencia Española de Protección de Datos*, sobre o tratamento de datos persoais con fins de vixilancia a través de sistemas de cámaras ou videocámaras.

De conformidade con todo o exposto, é preciso que a Universidade de Vigo aprobe un protocolo que regule o uso de sistemas de vixilancia nos seus campus e instalacións, que permita compatibilizar adecuadamente o obxectivo da súa seguridade co respecto aos dereitos das persoas que accedan a eles.

## **Artigo 1. Finalidade do sistema de videovixilancia.**

1. A Universidade de Vigo unicamente admitirá o uso de sistemas de videovixilancia para a satisfacción de finalidades lícitas.
2. Considerarase lícita a utilización cos fins seguintes:
  - a) Control de acceso aos edificios.
  - b) Control de acceso aos aparcadoiros



- c) Seguridade interior de edificios en zonas comúns.
  - d) Seguridade en instalacións deportivas.
3. En ningún caso se admitirá o uso das instalacións de videovixilancia na Universidade de Vigo coa finalidade de:
- a) Control laboral.
  - b) Difusión externa de imaxes a través de calquera medio.
  - c) Captación de imaxes en espazos protexidos polo dereito fundamental á intimidade (aseos, vestiarios, despachos ....).

## **Artigo 2. Definicións.**

A efectos do presente protocolo, teranse en conta as seguintes definicións:

1. "Datos": imaxes captadas polas videocámaras.
2. "Titular dos datos": persoa física cuxa imaxe sexa captada polas videocámaras .
3. "Responsable do tratamento dos datos": a Universidade de Vigo.
4. "Encargado do tratamento dos datos": empresa de seguridade encargada do almacenamento dos datos e do seu tratamento.

## **Artigo 3. Autorización para a instalación do sistema de videovixilancia.**

1. A instalación e o uso de videocámaras na Universidade de Vigo requirirán a autorización da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos, previo informe da Vicerreitoría de Planificación.
2. A solicitude de autorización para a instalación formularase no impreso correspondente, que figura no anexo I desta normativa.
3. No impreso de solicitude figurarán necesariamente os seguintes extremos:
  - a) O/a solicitante, que unicamente poderá ser o Decano/a ou director/a do centro de que se trate, ou o/a responsable das instalacións (CACTI, CITEXVI, Centro Comercial ....).
  - b) Lugar concreto da situación das videocámaras.
  - c) A finalidade perseguida co sistema de videovixilancia e razón pola cal esta só se pode alcanzar coa súa instalación.

## **Artigo 4: Criterios xerais de utilización do sistema de videovixilancia.**

1. A utilización de videocámaras con fins de vixilancia na Universidade de Vigo axustarase aos criterios seguintes:
  - a) Só se poderá utilizar para alcanzar os fins previstos no artigo 1, e sempre que, previamente, a súa instalación sexa autorizada pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos. No seu caso, deberán seguirse as instrucións específicas que acompañen á autorización.
  - b) Sinalizaranse os espazos vixiados de acordo co previsto pola normativa da *Agencia Española de Protección de Datos*.
  - c) As videocámaras deberán instalarse de maneira que non resulten accesibles a terceiros non autorizados.



- d) No caso de que se capten feitos constitutivos de infracción penal, actuarase de acordo co disposto no artigo 13 desta normativa.

2. Prohíbese:

- a) A captación intencionada de imaxes da vía pública ou de habitáculos e espazos alleos á Universidade, protexidos polos dereitos á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio.
- b) A captación de imaxes en espazos privados tales como aseos, vestiarios ou outros semellantes, así como nos destinados primordialmente ao uso privativo do persoal da Universidade.
- c) A captación de sons e, en especial, de conversacións privadas.
- d) A difusión por calquera medio das imaxes captadas.

**Artigo 5: Medidas de seguridade das imaxe.**

1. A Universidade de Vigo adoptará as medidas de natureza técnica e organizativas necesarias para garantir a seguridade das imaxes e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, en cumprimento do establecido na LOPD e o Regulamento que a desenvolve.
2. Os sistemas de videovixilancia da Universidade de Vigo cumprirán as seguintes condicións:
  - a) Garantírase que as dependencias nas que se sitúen os monitores e sistemas de gravación, así como os soportes que conteñan as imaxes gravadas non resulten accesibles a terceiros non autorizados.
  - b) Levarase un rexistro do persoal que dispoña de chaves ou calquera outro medio que permita acceder ás dependencias e/ou soportes que conteña a información protexida.
  - c) As gravacións almacenadas conservaranse durante un prazo de 1 mes, sen prexuízo do dereito de cancelación recollido no artigo 12 desta normativa.
  - d) As gravacións etiquetaranse de maneira que se identifique con claridade o contido e vinculación ao sistema e constarán no inventario correspondente.
  - e) Os soportes reutilizaranse de maneira que se garanta a completa destrución da información que conteñan.
  - f) Se os soportes non se reutilizan, en todo caso, deberase destruír a información que conteñen.
  - g) Os sistemas automatizados deberán contar cun control de acceso lóxico con asignación, distribución e almacenamento de contrasinais diferenciadas para cada usuario. Estas almacenaranse de maneira inintelixible e cambiaranse periodicamente. Poderán articularse controis distintos cando garantan a seguridade de maneira análoga á anterior.
  - h) Caso de preverse o acceso ao ficheiro a través de redes de comunicación, deberá protexerse o entorno de comunicacións e fixarse un control de acceso lóxico nos termos do parágrafo anterior.
  - i) As incidencias que afecten aos sistemas informáticos deberán notificarse á Vicerreitoría de Planificación.
  - j) Calquera outra incidencia de natureza non técnica, e en particular as relativas ás condicións ou consecuencias xurídicas do uso das videocámaras, remitirase á Secretaría Xeral da Universidade.
3. A Universidade de Vigo informará ás persoas con acceso aos datos sobre as súas obrigas de seguridade e o seu deber de segredo, nos termos do artigo 8 da Instrución 1/2006 da *Axencia Española de Protección de Datos*. Así mesmo, calquera persoa que por razón do exercicio das súas funcións teña acceso aos datos, deberá observar a debida reserva, confidencialidade e sigilo en relación con estes.



## **Artigo 6: Encargada do tratamento de datos.**

A instalación de sistemas de videovixilancia por parte da Universidade de Vigo, comportará a contratación de servizos de empresas de seguridade debidamente autorizadas polo Ministerio de Interior. Ditas empresas de seguridade serán as encargadas da instalación, e/ou mantemento técnico dos equipos e sistemas de videovixilancia e o control de acceso aos edificios. Así mesmo, serán as encargadas do tratamento dos datos, cuxo efecto deberá formalizarse no contrato ao que se refire o art. 12 LOPD e as súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

## **Artigo 7: Obrigacións do persoal encargado do tratamento de datos.**

1. O persoal encargado do tratamento de datos deberá:
  - a) Gardar o necesario segredo respecto a calquera tipo de información de carácter persoal coñecida en función do traballo desenvolvido.
  - b) Manter en segredo as súas claves de acceso ao sistema, que serán persoais e intransferibles, sendo responsable das consecuencias que puidesen derivarse do seu mal uso, divulgación ou perda, en cuxo caso deberá notificarse a incidencia.
  - c) Cambiar as contrasinais a petición do sistema cando se lle indique.
  - d) Comunicar as incidencias de seguridade das que teña coñecemento á Vicerreitoría de Planificación.
2. Prohíbese:
  - a) Intentar modificar ou acceder ao rexistro de accesos.
  - b) Alterar ou falsear as imaxes captadas.
  - c) Burlar as medidas de seguridade establecidas.
  - d) A ocupación da rede corporativa, sistemas informáticos e calquera medio posto ao alcance do persoal vulnerando o dereito de terceiros ou os propios da organización, ou ben para a realización de actos que puidesen ser considerados ilícitos.
  - e) Copiar a información contida en calquera tipo de soporte sen autorización expresa do responsable.
  - f) O traslado de calquera soporte no que se almacene información fóra das dependencias da Universidade.
3. Unicamente as persoas autorizadas para facelo poderán introducir ou anular os datos contidos no ficheiro obxecto de protección.
4. Os identificadores e contrasinais dos sistemas cuxo acceso precise de autorización serán de uso persoal e intransferible.

## **Artigo 8: Deber de información.**

1. O distintivo informativo recollido na Instrución 1/2006 da *Axencia Española de Protección de Datos* é de uso e exhibición obrigatoria e se situará, como mínimo, nos accesos ás zonas vixiadas, sexan estes exteriores ou interiores. Se o lugar vixiado dispón de varios accesos, colocarse en todos eles ao obxecto de que a información sexa visible con independencia de por onde se acceda.
2. Os titulares dos datos terán a súa disposición follas de información nas que se indique:
  - a) A existencia dun ficheiro de tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida de estes e dos destinatarios da información.
  - b) A posibilidade de exercer os dereitos de acceso, cancelación e oposición.





- c) A identidade e dirección do responsable do tratamento.

#### **Artigo 9: *Deber de cancelación dos datos.***

Os datos obtidos serán cancelados no prazo máximo dun mes dende á súa captación. A cancelación dará lugar ao bloqueo dos datos, conservándose unicamente a disposición das Administracións Públicas, Xuíces e Tribunais, a efectos das posibles responsabilidades xurdidas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas. Cumprido o devandito prazo, procederase a súa supresión.

#### **Artigo 10: *Dereitos dos titulares dos datos.***

Os titulares dos datos teñen os seguintes dereitos:

- a) A ser informados sobre o tratamento dos datos nos termos indicados no artigo 8.
- b) A consentir e/ou opoñerse ao devandito tratamento de conformidade co previsto no artigo 11.
- c) A acceder e cancelar os seus datos nos termos descritos no artigo 12.

#### **Artigo 11: *Consentimento e/ou oposición ao tratamento dos datos.***

1. O simple paso por espazos suxeitos a videovixilancia sinalados adecuadamente, supón un consentimento tácito ao tratamento dos datos.
2. De conformidade co apartado anterior, non resultará preciso o consentimento expreso do titular dos datos para o tratamento deles, sen prexuízo das reclamacións que se poidan formular, conforme ao previsto no artigo seguinte, invocando motivos fundados e lexítimos respecto de situacións persoais concretas.

#### **Artigo 12: *Dereito de acceso e cancelación.***

1. O dereito de acceso é persoalísimo e levarao a termo o titular dos datos, quen deberá presentar unha solicitude dirixida ao Vicerreitor/a de Planificación da Universidade de Vigo na que fará constar a súa identidade, xunto cunha imaxe actualizada e copia do DNI ou documento equivalente
2. Sen prexuízo do disposto nos artigos 9 e 13, o titular que houbera accedido aos seus datos nos termos establecidos no parágrafo anterior, poderá solicitar a cancelación destes, remitindo a correspondente solicitude á Vicerreitoría de Planificación da Universidade de Vigo na que fará constar os motivos que xustifiquen dita cancelación.
3. Na sinalización indicárase unha dirección postal para o exercicio destes dereitos, cuxo procedemento, termos e recursos axustaranse ao procedemento administrativo común.

#### **Artigo 13: *Actuación ante a comisión de infraccións penais.***

1. Ante a constatación da comisión dunha infracción penal aplicaranse as regras de actuación seguintes:
  - a) Denunciarase o feito ante a autoridade competente dentro das 72 horas seguintes á constatación. Na denuncia farase constar, de maneira expresa, a existencia de ficheiros de videovixilancia da Universidade de Vigo e a identificación do soporte que as conteñen no inventario correspondente.
  - b) As imaxes poranse inmediatamente á disposición desta autoridade.
  - c) Se o soporte que contén as imaxes queda en poder da autoridade competente, documentarase no inventario correspondente.



- d) Notificaranse os feitos á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo con copia da denuncia.

Dilixencia para facer constar que esta normativa foi aprobada na sesión do Consello de Goberno de data 9-06-2009.

Vigo, 9 de xuño de 2009  
A SECRETARÍA XERAL



Esther González Pillado



# ANEXO I

## SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA

### Solicitante:

Decano/a, Director/a, Responsable de:.....

Nome:.....

Apelidos:.....

### Situación das videocámaras:

### Motivación da solicitude (xustificación da videovixilancia e a súa finalidade):

En ....., a ..... de ..... de 20....

(sinatura)

